

CASINO

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

NO trimestre pasado celebramos a terceira edición do Maratón Fotográfico San Martiño de Couso, que recibiu unha subvención de 453'00 € da Deputación Provincial de Pontevedra. A exposición das fotos dos participantes podédelas ver ata o xoves, 12 de outubro, no noso local. Podedes votar polas que vos parezan as dúas mellores fotos en cada categoría: dixital e analóxica. As tres máis votadas de cada categoría teñen premio.


Subvencionada tamén parcialmente pola Deputación tivemos ocasión de asistir en Couso a unha función da Banda de Música Xuvenil de Xinzo, grazas ás xestións do noso veciño Indalecio Bargiela, así como do Alcalde de Ponteareas, Sr. González Solla e o seu Concelleiro de Cultura, Sr. Luciano Represas.

Tamén podedes ler o resumo do resto de actividades realizadas ao longo do trimestre. Unha vez máis requirimos a vosa participación nas asembleas trimestrais para que propoñades actividades a realizar para tódolos sectores, pero sobre todo para aqueles máis específicos: a xente nova e a xente maior. Tamén é preciso reclamar un maior esforzo para elaborar este boletín trimestral, xa que sempre somos os mesmos os que participamos.

Respecto do proxecto de restauración dos nosos muíños dicirvos que o proceso de recollida de sinaturas dos herdeiros está practicamente culminado e que estamos a punto de recibir o anteproxecto da obra. Estamos tamén preparando a documentación necesaria para presentar solicitudes de subvención e establecendo contacto coas distintas autoridades implicadas co obxecto de conseguir o seu apoio.

Neste trimestre fórmase tamén unha actividade que pode resultar moi interesante: a reprodución do ciclo do centeo. A idea é conseguir temporalmente unha finca na que podamos desenvolver todo o proceso do centeo, desde a sementeira, no próximo mes de novembro ata a elaboración final do pan e doutros produtos do centeo, pasando pola colleita ou a malla.

Esperamos que gocedes e participedes das actividades propostas para este trimestre. Na primeira quincena de decembro enviaremos un escrito coa programación específica de Nadal.



Neste exemplar:

- | | |
|---|--|
| 1 | Limiar |
| 2 | Programación trimestral |
| 4 | Receita (por Lucía Freiría) • Colaboración literaria (por Mari Carballido) |
| 6 | Actividades realizadas |

PROGRAMACIÓN CULTURAL

Xoves, 12 de
outubro, ás 12'30
horas

Reunión para preparar o Festival de Nadal



Todos/as aqueles/as que queirades participar ou teñades unha idea, ou simplemente queirades colaborar na organización para o festival de Nadal acudide a esta importante reunión.

Recorrido micolóxico polos montes de Couso



Farase un recorrido para coñecer os principais cogumelos do noso contorno, xunto cun especialista que nos indique o seu nome e características principais.

Domingo, 22 de
outubro, 10'00 horas

Domingo, 12 de
novembro.

Festa de San Martiño



Celebración do tradicional magosto de San Martiño. Non faltarán as castañas e o viño.

4º TRIMESTRE 2006

Domingo, 26 de
novembro, 9'30 horas

O ciclo do centeo



Con esta actividade pretendemos recuperar todo o ciclo de produción do centeo, desde a sementeira ata a elaboración do pan, pasando pola colleita ou a malla. Empezamos coa sementeira. Se alguén quere ceder temporalmente algunha finca para a realización completa desta actividade que se poña en contacto con calquera membro da Directiva.

Sendeirismo



Sendeiro polos arredores de Couso. San Cibrán, Padrán, Área Recreativa da Fraga do Rei (13 km ida e volta; 4h30)

Domingo, 17 de decembro, 9'00 horas


Luns, 25 de decembro

Festival de Nadal



Teatro, actuacións e tódalas actividades que se vos ocorran no noso festival.

Outras actividades do Nadal



Na primeira quincena de decembro enviaremos unha folla coas actividades para as datas do Nadal.



Receita

Cazola de verduras

Esta e unha receita de aproveitamento na que cada quen utiliza as verduras que ten na casa. Exemplo; xudías, acelgas, espinacas, repolo, brócoli, cenorias, porro, grelos e.t.c.

- Para a salsa de tomate fan falta os seguintes ingredientes:
 - Tomate natural ven maduro
 - Dous dentes de allo
 - Unha cebola
 - Un vaso de viño branco
 - Pementa branca, sal, unha Caiena.
- Para a cuberta usaremos queixo raiado.

PREPARACIÓN:

Póñense a cocer as verduras en auga e sal, mentres tanto, nunha sartén faise a salsa de tomate, dorando primeiro os allos e a cebola e engadindo de seguido o resto dos ingredientes.

Cando as verduras están cocidas escórrense ben e póñense nunha cazola de barro ou mesmo na bandexa do forno e mesturase coa salsa de tomate. De seguido cóbrese co queixo raiado e metese no forno a gratinar ata que o queixo estea fundido. Sérvese ben quente.

Aportación de LUCÍA FREIRÍA

¡SOMOS UNS NENOS!

Lucas un home serio, apostado, e cunhas ideas moi arraigadas a terra, ás costumes, casou cunha rapaza, Rosiña, ben fermosa, recuerdo que o seu cabelo era como a seda, por onde pasaba deixaba a todos pampos, tiña unha frescura que non teño palabras para definila, era sinxela, e morría polo seu fillo Tutú, dáballe todo o que lle pedía, so tiña ollos para el, que por certo era igualiño a seus pais, de súa nai, tiña o cabelo e a cor de pel, de seu pai, os ollos grandes de cor verde, e a súa elegancia, os dous estaban toliños polo rapaz.

Tutú faise maior, pero Tutú non quería medrar, quería ser neno, ¿Que lle pasa a Tutú? Tiñamos a mesma idade, Tutú tíñame feita un lío, gustábame, ¡e tanto que me gustaba! Pero el dicíame que eramos nenos, que eramos amigos, pero eu non quería ser a súa amiga, eu quería ser a súa noiva pero o mesmo de sempre .¡ Somos uns nenos!.

Pasaron os anos, e Tutú foise a estudar a universidade, foise fora da cidade ¿Que raro? ¿Por que se foi? ¿Esa carreira tamén a podía facer aquí? E podía estar a veira de seus pais,, eran tantas e tantas as veces que me facía as mesmas preguntas, pero nunca tiñan resposta.

Recordo, un martes do mes de decembro, non recordo o día pero sei que facía un frío de morrer, decidín que quería saber mais daquel neno de Tutú, fun disposta a saber máis, fun a súa casa, e a sorpresa foi moi dura ¡E tanto que o foi!, de súa nai non quedan mais que os osos, seu pai perdeu a elegancia,

a compostura, os ollos volvéronselle pequerrechiños, ata parece mesmo que lle cambiou a cor ¡Que triste!

Invitáronme a café, e a uns boliños como cando eu era nena, naqueles tempos os boliños sabían a gloria, por certo facíaos Rosiña pero estes son do súper, xa Rosa non esta para isto.

O Chegar a casa topeime mal, eu non podía aturar aquilo, non podía mirar aqueles país que morrían de tristura, busquei nun caderno o teléfono de Tutú, pero non topei nada, a verdade e que non recordo que Tutú me dese algún teléfono, pero tiña que atopalo.

De noite soñei con Tutú, estaba na Universidade ...¿Onde?... Tutú quería ser Presidente, alguén importante... Ministro, ou ... Mestre, bombeiro, da igual..., espertei e decateime de que Tutú falaba de ir os Estados Unidos.



Martes, catro de xaneiro as seis e trinta da maña, era ben cediño, fun o aeroporto collín un avión, en poucos días vinme movéndome polos Estados Unidos defendía ben o idioma pois sempre se me deron ben.

Xa asentada alí púxenme a buscalo por todos os sitios, preguntei por todos os cargos importantes de cada cidade que ía, pero non había rastro de Tutú, aquilo e un mundo de tolos, coches por todos os lados, torres que se elevan ata o ceo, aquilo non ten sentido ningún e para tolear, pero en fin que era como buscar unha area no mar e desistín.

Uns días mais tarde volvín o aeroporto para facer o camiño de volta,

pois non me quedaba sitio onde buscar, nin cartos que gastar.

Fun tomar un café, e cando ía sentarme na mesa mirei dous homes altos, apostos, moi guapos un facíase me coñecido mesmo pensei que era alguén da tele, ou da política, cando vin que se levantou e camiñou ata a miña veira, non podía crer, ¡Que ollos tan fermosos! ¡Tutú! ¡Que guapo!. ¡Que aposto!, aquel rapaz do que eu un día me namorei seguía sendo o mesmo de sempre o meu ¡Tutú!, abrazámonos, choramos, rimos, presentoume o rapaz que estaba con el, fixen moitas preguntas, pero el estaba o tanto de todo.

.- A vida e moi fermosa, pero sempre vai a depender dos ollos cos que a miremos e da ignorancia que posemos - Tutú contábame- Quero moito a meus pais, dou a miña vida por eles, axudo todo o que podo, fago que a vida lles sexa o mais sinxela posible, falo con eles, dígolles que o traballo vaime ben, que teño unha casiña ben fermosa, e que algún día gustaríame poder traelos aquí, pero meus pais seguen soñando con que me case, teña fillos como di meu pai unha vida como Deus manda, pero esta e a miña vida, para ben ou para mal isto e o que desexo.

Dóeme moito, pero hai cousas que non podo cambiar, quixera vivir a súa veira pero sei que lles ía facer moito dano, entón prefiro que vivan na ignorancia, e no descoñecemento antes de facelos sufrir.

Aquel día entendín aquela resposta **¡Somos uns nenos!**

Actividades realizadas

Omes de xuño comezou o día 8 coa charla sobre o novo permiso por puntos, na que Piño nos ensinou as novas normas, esclareceunos as dúbidas e refrescou a memoria sobre a condución.

Osábado 14 de xuño tivemos unha reunión cos herdeiros dos muíños na que tamén estivo presente o sr Alcalde de Pontearreas e na cal Xosé Luis nos deixou abraiados coa elaboración dun proxecto de restauración dos muíños. Nesta reunión xa firmaron algúns herdeiros o seu consentimento para levar a bo fin esta bonita obra.

Domingo 9 de xullo, celebrouse o III maratón fotográfico San Martiño de Couso no que os participantes aproveitaron a mañá para percorrer, observar e fotografar distintos lugares de Couso. Esta actividade foi subvencionada parcialmente pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Odía 16 de xullo fóronse a rematar os traballos da restauración dos lavadoiros nos que xa se deixou a zona bastante parecida a que antano as veciñas de Couso ían lavar. Os participantes non foron en gran cantidade pero a calidade foi do mellorciño, traballaron, almorzaron e tamén enredaron como rapaciños, pasárono moi ben.

Día 3 de setembro. Fomos de excursión a Ponte de Lima. No autobús íamos 36 persoas, saímos as 8 da mañá co día un pouco anublado pero con ganas de pasalo ben.

Visitamos os lugares mais interesantes desta cidade e disfrutamos dunha comida campestre e dun paseo pola beira do río Lima que se agradeceu despois do día de calor que nos sorprendeu no país veciño. A volta visitamos o Santuario de Sta Lucía en Viana do Castelo. Regresamos as 21 horas, un pouco cansados pero satisfeitos de pasar un día diferente.

Nove de setembro, noite de ir a pé a Franqueira. Só 5 valentes veciños se atreveron este ano, chegaron ben e con ganas de voltar para o ano 2007.

Domingo 24 de setembro, con motivo do concurso de tortillas organizado para este día, elaborouse na cultural unha tortilla de grandes dimensións e tamén houbo degustación da SARTENADA, prato típico do noso barrio. Agradecemos a todos os veciños a súa colaboración doando tódolos ingredientes para levar a cabo esta actividade e tamén po-la asistencia ao concerto co que nos deleitou a Banda de Música Xuvenil de Xinzo, actividade subvencionada pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Durante toda a semana do 25 de setembro ao 1 de outubro tivemos cedida na nosa Asociación Cultural unha exposición sobre o humorista Vidales Tomé, elaborada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello.

Domingo, 1 de outubro. Celebramos a festa dos maiores coa actuación do humorista Somoza, subvencionada polo Concello. Despois houbo comida e agasallos.

HORARIO DA BIBLIOTECA: VENRES DE 22'00 A 23'00 HORAS